

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
REALIZADA O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2014**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas.

DÍA: 24 de novembro de 2014.

HORA DE COMEZO: 19:34 h.

HORA DE REMATE: 19:55 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Ledo Fernández.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández e D. Rafael Soliño Costas.

SUPLENTES: D. Jesús Manuel Graña Graña e D^a M^a Luisa Prieto Rial.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
REALIZADA O DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2014**

Este punto retirouse da orde do día.

URBANISMO E VIVENDA

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 20 DE NOVEMBRO
DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS
DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fixéanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE N° 21.911.- LICENZA MUNICIPAL N° 21.194.- A Xunta de Goberno Local queda informada do cambio de titularidade da licenza municipal referida, que ata a data figurada a nome de Susana Cornide Gonzáles e a partir desta data pasa a Luis Ansorena Pérez, con enderezo en Rúa Costa, n° 2-portal 1-5ºA-Vigo. Así mesmo, modifícase a referida licenza no sentido en que tamén se autoriza o cerramento de un porche de 12,60 m2., en Vilanova-O Hío.

EXPEDIENTE N° 24.596.- LICENZA MUNICIPAL N° 23.506.- A Jesús Portas Menduíña, con enderezo en Pinténs, n° 92-O Hío, modifícase a referida licenza no sentido en que se autoriza a construción dun porche aberto de 16,70 m2., na vivenda en construción nas Uchas-Vilanova-O Hío.

2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 17.292.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR CONSUELO SOTELO IGLESIAS

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 6 de novembro de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a Consuelo Sotelo Iglesias, con enderezo na Avda. de Galicia, n° 4-2º esq.-36207 Vigo, para vivenda sita na Maceira-Espiñeira-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal N° 17.460.

2.A.3) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 24.960.- O tramitado a instancia de Salvador González Rodríguez, con enderezo no Muíño, n° 62A-Santa Cristina-36142-Vilaboa, para reparación de cerramento en Visueiras-Liméns-O Hío, acórdase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, do 26 de novembro, ao transcorrer máis de tres meses desde o requirimento de presentación de documentación do día 6 de maio de 2014.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advirtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 25.284.- A Juan Enrique Padín Costas, con enderezo en Donón, n° 17-O Hío, para no referido lugar, construír unha piscina de 54,80 m²., de conformidade co proxecto do aparelador, Emilio Camaño Malvido, de outubro de 2014.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE N° 25.202.- Fermín Cabellín Pescador, cambio de acabado de cuberta na Pedreira, n° 28-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.274.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ALTAMIRA, reparación canalóns e petos fachada en Rúa San José, n° 80-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.275.- Silvia Canosa Hermelo, reforma e conservación de vivenda en Gandón, n° 45-Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.282.- Manuel Sánchez Fernández, reparación cuberta en Baixada ás Barreiras, n° 2-Liméns-O Hío.

SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

4º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR E O CONCELLO DE CANGAS PARA A CONTINUIDADE DO FUNCIONAMENTO DO CENTRO SOCIO-COMUNITARIO DE CANGAS

Examinado o escrito do día 13.11.14 da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ao que achegan convenio debidamente asinado entre a Dirección Xeral de Familia e Inclusión e o Concello de Cangas, para a continuidade do funcionamento do Centro Socio-comunitario do Concello de Cangas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio asinado entre a Dirección Xeral de Familia e Inclusión e o Concello de Cangas, para a continuidade do funcionamento do Centro Socio-comunitario do Concello de Cangas.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia ás oficinas de Intervención e Contratación.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

5º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/TRANSMISIÓNS DE POSTOS DE VENDA DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL

Examinada a proposta do día 20.11.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a transmisións de postos de venda da Praza de Abastos Municipal, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A AUTORIZACIÓN DE TRANSMISIÓN DUN POSTO DE VENDA DE PEIXE DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS (V-14/056)

ANTECEDENTES

I.- Por escrito de rexistro de entrada n° 11.177 de 26/09/2014, Rebeca Hernández Alfonso, con DNI n° 36122265-Y, i enderezo a efectos de notificacións na Choupana, n° 13-Bloque I-2ªA de Cangas, comunica que por

motivos de saúde ten a intención de transferir a titularidade do posto do que é titular na praza de abastos (actualmente o n° 41) a súa sogra Carmen Cordeiro Miranda, DNI n° 35276324-M, con enderezo a efectos de notificacións na Serra de Nacente, n° 20-A-Darbo.

II.- O 19/11/2014 con n° de rexistro 13.401, achégase escrito suscrito por ambas partes no que manifestan a súa intención de transmitir e adquirir respectivamente a concesión sobre o posto de venda de peixe do que a primeira é titular actualmente na praza de abastos, por concorrer a circunstancia prevista no artigo 31.3.a) do Regulamento do mercado de Abastos de Cangas (parentesco dentro do 3° grao) e solicitan a autorización municipal requirida polo artigo 31 para a transmisión.

III.- Aos escritos anteriores achegan a documentación xustificativa do parentesco, copia dos DNI de transmitente, a adquirente e xustificante do ingreso da taxa por transmisión do posto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

PRIMEIRO.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente regula a transmisión dos postos nos artigos 30 e seguintes. En concreto o artigo 30 establece: 'A transmisión dos postos deberá realizarse da maneira que dispón o artigo seguinte, quedando prohibida calquera outro tipo de transmisión'. O artigo 31 entre os supostos admitidos de transmisión establece no seu apartado 3.a), o suposto de transmisión inter vivos a favor de parentes ata o 3° grao.

A continuación o citado artigo dispón que: 'No suposto terceiro de transmisión inter vivos, deberá comunicarse ao concello a intención de transmisión da concesión sobre o posto, mediante escrito dirixido ao concello, onde o transmitente e o que pretendan adquirir manifesten que teñen a intención de transmitirlo e que acrediten se se dan algunha das circunstancias que xustifican a transmisión inter vivos. Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior á autorización municipal a todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado, adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto, no suposto terceiro de transmisión inter vivos.'

Respecto da autorización municipal o artigo 33 dispón que: ' (...) Calquera transmisión ou gravame require da autorización previa nos termos previstos nos artigos 31 e 32.

Se se leva a cabo sen autorización previa, determina a extinción sen dereito a indemnización.'

SEGUNDO.- Do que antecede e segundo a documentación que se achega resulta que estamos ante un suposto de transmisión dos postos na praza permitido no regulamento, en concreto no suposto de transmisión inter vivos por parentesco dentro do 3º grao, condición esta que se acredita coa solicitude de autorización.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para autorizar a transmisión de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento, polo que, de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas cabe outorgar a autorización solicitada.

CUARTO.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento, de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos os dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.

Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da condición de concesionario do posto de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, do que é titular Rebeca Hernández Alfonso, con DNI nº 36122265-Y (inicialmente nº 63 e actualmente o nº 41) a favor de Carmen Cordeiro Miranda, con DNI nº 35276324-M, debendo comunicar ao concello no prazo de dous meses desde a notificación do acordo de autorización que a transmisión se realizou.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como, á Tesourería."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a transmisións de postos de venda da Praza de Abastos Municipal.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

6º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓN XUDICIAIS

6.1) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/SENTENZAS RECAÍDAS Nº 53/14 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA E Nº 593/14 DITADA POLA SALA 4ª DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (X- 13/13)

Vista a proposta da Alcaldía do día 20.11.14, relativa ás sentenzas recaídas nº 53/14 do día 28/02/2014, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra e nº 593/14 do día 22/10/2014, ditada pola Sala 4ª do Contencioso-Administrativo do T.S.X. que revoga parcialmente a anterior no P.O. nº 191/2013, que é como segue:

"Proposta da Alcaldía relativa ás sentenzas recaídas nº 53/14 do día 28/02/2014 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra e nº 593/14, do día 22/10/2014 ditada pola Sala 4ª do Contencioso-Administrativo do T.S.X., que revoga parcialmente a anterior no P.O. nº 191/2013 (X-13/13)

Visto o contido da Sentenza nº 53/14 do día 28/02/2014 do Xulgado do Contencioso- Administrativo nº 2 de Pontevedra, resolutoria do Procedemento Ordinario nº 191/2013, desestimatoria do recurso interposto pola mercantil 'TRAGSA EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A.'.

Visto o contido da Sentenza nº 593/14 do día 22/10/2014 da Sección 4ª da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que no recurso de apelación interposto pola empresa contra a sentenza antes mencionada fallou:

'...que ACOLLEMO O recurso de apelación presentado pola 'EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A.', contra a sentenza de 28.02.2014 do Xulgado do Contencioso núm. 2 de Pontevedra (P. Ordinario nº 191/2013) revogándoa no relativo á devolución do ICIO e, en consecuencia, condenamos ao CONCELLO DE CANGAS a devolver a cantidade ingresada en concepto de ICIO e xuros de mora. Non facemos declaración dos custos.'

Visto que o 18 de novembro de 2014 se notificou o contido firme de ámbalas dúas sentenzas, co fin de que se leve a puro e debido efecto o acordado nelas, adoptándose as resolucións procedentes para o cumprimento das declaracións contidas no fallo.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propon á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento das sentenzas recaídas nº 53/14 do día 28/02/2014 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra e nº 593/14 do día 22/10/2014, ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.X., que revoga parcialmente a anterior.

Segundo.- Proceder á devolución da cantidade ingresada pola mercantil 'TRAGSA EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A.', en concepto de ICIO de acordo co contido da sentenza nº 593/14 do día 22/10/2014 da Sección da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Terceiro.- Proceder á tramitación da liquidación do ICIO a quen resulte suxeito pasivo do feito imponible posto de manifesto no expediente.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería, Urbanismo e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente ás sentenzas recaídas n° 53/14 do día 28/02/2014, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo n° 2 de Pontevedra e n° 593/14 do día 22/10/2014, ditada pola Sala 4ª do Contencioso-Administrativo do T.S.X. que revoga parcialmente a anterior no P.O. n° 191/2013.

6.2) PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AOS CUSTOS E XUROS DERIVADOS DA SENTENZA N° 57/2014 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO N° 158/2013 (X-13/12)

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 20.11.14, referente aos custos e xuros derivados da sentenza n° 57/2014, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo n° 1 de Pontevedra no Procedemento Abreviado n° 158/2013, que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AOS CUSTOS E XUROS DERIVADOS DA SENTENZA N° 57/2014, DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N° 1 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ABREVIADO N° 158/2013 (X-13/12)

Visto o contido da Sentenza n° 57/2013 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n° 1 de Pontevedra no Procedemento Abreviado n° 158/2013, instruído a instancia de Juan Carlos Fernández Amorós, en reclamación de responsabilidade patrimonial, así como, o auto aclaratorio do día 11/04/2014, dos que se deu conta en Xunta de Goberno Local do día 14/05/2014, polos que se condenaba ao Concello de Cangas a aboar ao recorrente, como indemnización, 2.190,10 €, máis os xuros legais desde a data da reclamación previa, con imposición dos custos do procedemento ao concello.

Visto que o Decreto do día 01/09/2014 ditado na peza de taxación de custos 158/2013 0001-MS, acordou aprobar a taxación de custos derivada do mentado procedemento por importe de 474,89 €.

Visto que por providencia do día 22/09/2014 recaída na Execución de Títulos Xudiciais 18/2014-MS, se requiriu do concello que no prazo máximo de dous meses procedese a executar completamente a sentenza.

Visto que a totalidade do principal foi aboado o 09/10/2014 polo concello.

Visto que por dilixencia de ordenación de data 30/10/2014 se require do concello que, no prazo outorgado na providencia citada, pague os xuros reclamados pola parte executante, que ascenden a 331,93 euros.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Tomar coñecemento do decreto de data 01/09/2014, polo que se aproban os custos derivados do procedemento abreviado nº 158/2013, seguido no Xulgado do Contencioso-Administrativo, nº 1 de Pontevedra, da providencia do día 22/09/2014 e da dilixencia de ordenación do día 30/10/2014, recaídos na execución de títulos xudiciais 18/2014-MS.

Segundo.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de CATROCENTOS SETENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (474,89 €) en concepto de custos con cargo á aplicación 920.226.99 do vixente orzamento de gastos.

Terceiro.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago por importe de TRESCENTOS TRINTA E UN EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (331,93 €) en concepto de xuros con cargo á aplicación 920.352 do vixente orzamento de gastos.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da Alcaldía, referente aos custos e xuros derivados da sentenza nº 57/2014, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra no Procedemento Abreviado nº 158/2013.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE MEMORIA-PROGRAMA E FICHA DE SOLICITUDE DAS ACTUACIÓNS DO PROGRAMA OBXECTIVOS-2011 (ANUALIDADES 2014-2015 E 2016) NOVO PLAN DE VIVENDA 2013-2016

Dáse conta de Resolución da Alcaldía do día 20.11.14 referente a aprobación de memoria-programa e ficha de solicitude das actuacións do programa Obxectivos-2011, correspondente ás anualidades 2014-2015 e 2016) do novo Plan de Vivenda 2013-2016, que é como segue:

"RESOLUCIÓN

En data 20 de outubro de 2014 solicitouse por parte da Dirección Xeral do Instituto Galego de Vivenda e Solo, que o concello manifestase a súa vontade de asinar os novos acordos de financiamento da Área de Rehabilitación Integral declarada no Concello de Cangas, en relación ás actuacións recollidas no Programa Obxectivos 2011 (Anualidades 2014-2015 e 2016) que aínda non estivesen executadas nin xustificadas e que cumprisen os requisitos do novo Plan de Vivenda 2013-2016.

En data 23 de outubro de 2014 o concello declara a vontade de asinar os correspondentes acordos específicos no seo da Comisión Bilateral.

Vista a memoria-programa e ficha de solicitude normalizada, redactadas polos técnicos da Oficina de Rehabilitación, segundo o establecido no art. 27.3.b do R.d. 233/2013, co fin de incorporar as actuacións recollidas no Programa Obxectivos 2011 ao Plan de Vivenda 2013-2016, RESOLVO:

PRIMERO.- Aprobar a memoria-programa e ficha de solicitude normalizada con relación nas actuacións recollidas no Programa Obxectivos 2011 (Anualidades 2014-2015 e 2016) que aínda non estivesen executadas nin xustificadas e que cumprisen os requisitos do novo Plan de Vivenda 2013-2016.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución á Dirección Xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

TERCEIRO.- Dar conta da presente resolución na vindeira Xunta de Goberno Local que se realice."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda ratificar integramente a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación de memoria-programa e ficha de solicitude das actuacións do programa Obxectivos-2011, correspondente ás anualidades 2014-2015 e 2016) do novo Plan de Vivenda 2013-2016.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace

o presidente